

Manifesto polo día Mundial da Saúde Mental

Grupo de Traballo Social e Saúde Mental

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e o seu grupo de traballo no ámbito da saúde mental súmanse as reivindicacións e visibilización das persoas con problemas de enfermidade mental e ás situacións que vivencian. Os seus dereitos deben seguir defendéndose colectivamente polo total da sociedade ata que se de a súa plena integración.

Este colexio profesional e grupo de traballo reclaman medidas efectivas para conseguir a inclusión plena das persoas diagnosticadas con algún tipo de enfermidade mental. É necesario concienciar, sensibilizar e mobilizar á sociedade a favor dunha cultura cidadá máis igualitaria na que a discriminación por razón dunha enfermidade mental desapareza.

Dende o COTSG e o grupo de Traballo Social na Saúde Mental esiximos que se promova:

- **Deseño e implementación de máis recursos públicos** (de persoal, unidades e programas) para persoas diagnosticadas con algunha enfermidade mental, **en especial aqueles pensados e deseñados especificamente para persoas maiores de 60 anos.**
- **Mellora da coordinación entre consellerías**, asunción de responsabilidades e loita conxunta en prol da Saúde mental.
- **Maior atención e énfase na prevención de patoloxías mentais infanto-xuvenís.**
- **A creación dunha normativa específica en materia de saúde mental.**
- **Mellorar e optimizar o funcionamento actual do Plan Galego de Saúde Mental.**
- Reivindicar a **figura e funcións do Traballo Social dentro da saúde mental** como parte dunha atención integral.
- **Erradicar a estigmatización e fomentar unha mirada social inclusiva** dunha vez por todas sobre as persoas que teñen un diagnóstico de enfermidade mental e igualar o benestar psicosocial co resto da poboación.

En Galicia hai máis de 80.000 persoas adultas con certificado de discapacidade por enfermidade mental, sendo ésta a segunda causa de discapacidade despois da física. No mundo, a Organización Mundial da Saúde estima que o 25% da poboación terá algún problema de saúde mental ao longo da súa vida.

Ao mesmo tempo o Plan de Saúde Mental de Galicia Post COVID-19 (2020-2024), afirma con rotundidade que **“a atención á saúde mental na infancia ten que ser específica”**. A Carta dos Dereitos do Neno aprobada pola ONU en 1959 e ratificada polo Parlamento Español en 1990, outorga un papel protagonista as crianzas na sociedade, e reconece que a infancia debe ser atendida nas súas necesidades cos coidados especiais que precise. Acorde coa Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección da infancia e a adolescencia "todo menor ten dereito a que ou seu interese superior sexa valorado e considerado como primordial en todas as accións e decisións que lle concirnen".

Neste sentido, non só debemos protexer ás crianzas e aos adultos, senón tamén a aquelas persoas que están vivindo a súa velez e que de algún modo, veñen caendo no esquecemento cando a esta condición únese un problema de saúde mental. Estas persoas precisan de recursos específicos e dende logo debemos asegurarnos como profesión e como sociedade que vivan esta etapa vital con maior dignidade.

Sumado a todo o anterior, tal como reconece a OMS, a pandemia da COVID-19 tivo un gran impacto na saúde mental das persoas, aumentado o número de casos detectados de risco de suicidio e/ou depresión, entre outros. O lema da Organización Mundial da Saúde para o día mundial deste ano é “Atención da saúde mental para todos e todas: fagámola realidade” e con este obxectivo damos traslado deste manifesto.

Asemade, resulta anacrónico ter que falar en pleno Século XXI sobre o estigma que aínda acompaña ás persoas con algún diagnóstico de enfermidade mental. **Dende o Traballo Social consideramos necesario e urxente acabar dunha vez por todas con estes prexuízos, que non só parten da sociedade senón tamén das administración públicas, que seguen sen dotar de recursos suficientes a estas persoas, e sen velar, polo tanto, polo seu benestar persoal e social.**

O Traballo Social sempre vai da man da saúde mental, xa que loitamos para que as persoas teñan un acceso equitativo a unha atención en saúde mental de calidade, con todos aqueles recursos que sexan necesarios para vencer as desigualdades sociais que sofren día a día.

O Traballo Social sempre da man da Saúde Mental